

VERBAS NO AR, O PREMIO BIBLOS-PAZOS DE GALICIA EN QUE IRIA MORGAGE IMAXINOU A REVOLUCIÓN GLOBAL ANTES DO 15-M

Paz-Andrade, Celso Emilio e Díaz Pardo, na memoria que gardan os libros

Páxinas especiais sobre Manuel Antonio ao poñerse á venda o primeiro volume das súas obras completas

Biblos

CLUBE DE LECTORES



AO RITMO DOS TEMPOS

Coa publicación de *Verbas no ar*, a novela coa que Iria Morgade Valcárcel gañou a sétima edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia, pónnese outra vez de evidencia dúas das importantes achegas que o certame fai ao sistema literario galego, ámbalas dúas directamente relacionadas coa idade dos participantes na convocatoria.

Como xa temos reiterado, o premio non garante a publicación de obras de valor incuestionable e tampouco –o que non sería desexable– que o gañador publique tan novo a súa mellor creación. Pero o que si acadada este premio é descubrir vocacións e darlles unha primeira oportunidade de enfrontarse á crítica e aos lectores. Non serán todos, pero non hai dúbida de que algúns dos gañadores do premio seguirán a traballar no mundo das letras e que celebraremos con eles éxitos futuros.

Pero hai máis. Esta apertura aos máis novos, a oportunidade que todos lles damos ao lelos, enriquecemos de modo singular porque nos aparta dos diálogos e as reflexións manidas para nos enfrontar a escenarios novos e a xeitos distintos de ver e valorar a complexa realidade do mundo actual. Convocamos xa a oitava edición do Premio Biblos-Pazos de Galicia. E desexamos sobre todo que ninguén con menos de 25 anos que teña vocación de escritor descoñeza a existencia desta magnífica oportunidade de darse a coñecer e achegarnos a súa fresca mirada ao mundo. Por iso agradecemos canta axuda recibamos para difundir as bases que incluímos nesta revista.

Carmela González
Directora

Tucho Calvo
Director Literario



Biblos

CLUBE DE LECTORES

Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quinta N.º 8 - Mandaio

15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com

Depósito Legal: C 285-03

ISSN: 1697-7440

PORTADA

Iria Morgade durante a súa estancia no mes de outubro na Casa Grande do Bachao para ultimar a novela gañadora do Premio Biblos-Pazos de Galicia coa colaboración do seu titor, Xabier P. Docampo.

Presentación de *Verbas no Ar* no Ateneo de Pontevedra na que Iria Morgade estivo acompañada de Xabier P. Docampo, Tucho Calvo, Javier Goyanes e Xaime Toxo



XA ESTÁ Á VENDA E COMO LIBRO DE AGASALLO DO BIMESTRE PARA OS SOCIOS DO CLUBE

VERBAS NO AR, A REVOLUCIÓN GLOBAL QUE IRIA MORGADE IMAXINOU CANDO PRESENTOU O SEU PROXECTO DE NOVELA A COMEZOS DE ANO

¿Que ocorrería se a contestación ao sistema capitalista que xorde nos nosos días acabase cunha revolta a nivel mundial? Iria Morgade Valcárcel comezou a imaxinar a comezos de ano esa posibilidade e decidiu convertela nun proxecto de novela que aló polo mes de maio obtivo o primeiro recoñecemento do xurado do Premio Biblos-Pazos de Galicia. Nese momento converteuse en finalista, e chegado o mes de xullo, na obra gañadora.

A novela, *Verbas no ar*, está xa á venda en galego e castelán (en tradución de Saleta Fernández), e os socios de Biblos recibirana como agasallo ao facer os seus pedidos do bimestre.

A trama anticipase e imaxina unha sociedade defraudada e convulsa na que se produce unha fenda irreversible entre os que manexan sen escrúpulos os fios do poder e manipulan ao seu antollo a realidade e os que loitan por outro mundo posible. A través dos ollos culpables de Dorianne, dos angustiados de Adoaha, dos combativos de Okenna ou Xián, a través do escepticismo de Vera ou da entrega incondicional de Andrade, o lector asiste en primeira liña a unha revolución necesaria, que se nutre do rexeitamento que xera unha corrupción insostible, e que se desborda ata acadar unha dimensión inimaxinada, pero que como en toda revolución non vai saír de balde.

Como xa salientou o xurado no seu día, «amosa o texto que as floriturar non son necesarias para que nos desgarrar, abríndonos os ollos ante un mundo en conflito a golpe de *linguaxe tweet*». E, por iso, Iria escribe cunha vocación de estilo que acode a unha linguaxe directa, construída cunha disposición do texto baseada nas frases curtas e nos parágrafos de pouca extensión, que procuran máis a suxestión ca descrición. Iria Morgade concluíu así un intenso traballo –levado a cabo ao longo de practicamente todo o ano e con dedicación plena desde que acadou o premio–, no que contou en todo momento coa colaboración do seu titor, Xabier P. DoCampo.

VERBAS NOS BAILES DO VENTO

Iria Morgade Valcárcel

Vexo o papel en branco, quizais desprace un intre a vista cara un ceo anubrado ou peche os ollos e imaxine o bramido do mar.

Quizais sinta ira, tristeza, pracer...

O papel en branco vai desaparecendo, comido por mil verbas silandeiras, que se coan no seu mundo de celulosa ou mesmo de virtualidade...

E sentirei que xa son todo o que quixen ser, e que non son nada do que serei.

Que mil verbas esperan danzando entre os bailes do vento.

E que eu, agora decidida, saltarei co brazo ben estirado tentado atrapalas, tentando que me acheguen un anaco desa ledicia indescifrable, inexplicable que sinto ao escribilas, cando aínda se moven enredadas entre os meus dedos...

E sigo a ver verbas bailando co ar, co vento, na súa danza enigmática.

Eu míroas, contémploas engaiolada.

Nunca máis gardarei as follas nun caixón.

Saltarei, unha e cen mil veces, para tentar atrapar algunha máis, outra máis desas verbas fuxitivas!

Penso que esta estraña descrición é a que mellor pode plasmar o que supuxo para min o premio Biblos Pazos de Galicia.

Deume a oportunidade de ir na caza das verbas que bailan no ar.

Deume, polo tanto, a oportunidade de compartir co mundo esta selección de verbas que á fin compoñen a novela.

Parece dificultoso imaxinarse unha análise obxectiva do premio pola miña parte.

E aínda máis se cabe tentar expoñer que supuxo a nivel persoal...

Pero inténtoo, procurando poñer a perspectiva que aínda non me da o tempo...

Sentíndome aínda coa resaca creativa destes meses...

O premio Biblos sedúcete, enrédate esbozando nas súas bases soños de rapaces que quixeran ser escritores...

E aí vas, aí vou, aí fun... inmersa nunha viaxe increíble, sendo consciente dela pero ao mesmo tempo mentres ocorria todo dunha forma casual, como tiña que ser. A través dun proceso integrador, no que a obra vai crecendo a carón das diferentes fases do concurso, medrando con el. Maduran ambos así, inseparables xa.

E xorde a obra, apoiada na confianza que depositan nela Biblos e o titor Xabier Docampo, que a agarima con delicadeza. Que é escritor pero sobre todo mestre. Transmitindo eses primeiros consellos que resoarán na memoria, con sorte, para sempre.

É pois o premio Biblos unha man tendida a xuventude, que escribe, que soña...

En primeiro lugar a través do apoio e o respaldo na obra.

E por outro lado porque ofrece a oportunidade de publicar. Que mellor forma de impulsar, de axudar a crear nova literatura?

Constitúe pois, un verdadeiro exercicio de mecenádego.

E collida daquela man viaxei... enchéndome das historias que quixera transmitir, descubrindo aquilo que agochaban os personaxes que compoñen a novela.

E foi esta a experiencia máis fermosa, facendo o que me gusta, tentando transmitir todo iso que brama no meu peito, que é fero pero tamén doce.

Tamén alá, nas terras perdidas nesta Galicia meiga, na Casa Grande do Bachao, deixándome seducir por ese ar puro, polo son do río, pola humidade do bosque e o fulgor das estrelas.

Agradezo por tanto este Premio, por recoller a ilusión da mocidade e plasmala en sete libros, sete soños.



IRIA MORGADE VALCÁRCCEL

Verbas no ar

Biblos Cartonado

16,5 x 22 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-15086-17-8

17 €

IRIA MORGADE VALCÁRCCEL

Palabras en el aire

Biblos Cartonado

16,5 x 22 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-15086-18-5

17 €

BIBLOS CONVOCA O 8.º PREMIO BIBLOS-PAZOS DE GALICIA DE NOVELA PARA MENORES DE 25 ANOS

BIBLOS CLUBE DE LECTORES, S.L., co propósito de contribuír ao achegamento e a participación das mozas e mozos na cultura galega, e de descubrir aqueles creadores máis novos que poidan ter unha obra de interese necesitada de apoio para a elaboración final e a súa

proxección pública, convoca o 8.º PREMIO DE CREACIÓN LITERARIA BIBLOS-PAZOS DE GALICIA PARA MOZAS E MOZOS, nesta oitava edición dirixido á novela, co copatrocinio de Pazos de Galicia, e de acordo coas seguintes

BASES

1. Poderán participar neste Premio todas as mozas e mozos que ao rematar o ano 2012 non teñan cumprido os 25 anos e que, con independencia do lugar onde nacesen ou residan, amosen o coñecemento do idioma galego necesario para desenvolver nel unha obra narrativa de calidade.
2. Os/as autores/as deberán presentar unha memoria de entre 30 e 40 folios na que incluírán:
 - a) Unha exposición precisa das características que terá a futura novela, aportando a maior información posible sobre o argumento (trama, época e lugar en que se desenvolve a acción, personaxes, etcétera) e as técnicas narrativas que prevé utilizar.
 - b) Un capítulo ou fragmento que permita valorar o estilo do autor/a. O/a gañador/a terá liberdade no seu caso para introducir as modificacións que estime oportunas no proxecto e no texto de mostra e adaptalos ás esixencias da novela no seu desenvolvemento, así como aos consellos que reciba do escritor tutor.
3. Cada traballo será presentado co nome e apelidos do autor/a, así como as indica-

cións necesarias para poder localizalo (dirección, teléfono, correo electrónico). Non se admitirán obras baixo pseudónimo nin colectivas.

4. Os traballos serán enviados a Biblos Clube de Lectores. Quintá, 8-MANDAIO. 15391 Cesuras (A Coruña).

5. O premio conlevará:

- a) Unha escultura conmemorativa deseñada expresamente polo escultor Luís Loureira.

- b) A estancia dun mes, incluída a manutención, nun dos establecementos de Pazos de Galicia, nun lugar singular que reúna as condicións necesarias para que, se o escritor/a o desexa, desenvolva a última fase do seu proxecto.

- c) Un ordenador portátil que, unha vez concluída a obra, quedará da súa propiedade.

- d) A tutela dun escritor de renome, designado por Biblos coa colaboración da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que asesorará ao gañador/a en xuntanzas periódicas durante ese mes.

- e) A publicación do libro en galego na colección Mandaio de Biblos nas mes-

mas condicións que os autores prece-dentes, coa percepción dos correspondentes dereitos de autor.

- f) A tradución da novela ao castelán de cara a unha edición destinada aos clientes non galegos de Pazos de Galicia. Neste caso, o premio considérase un anticipo dos dereitos de autor da primeira edición.

6. A admisión dos traballos pecharase o 16 de marzo do 2012.

7. Un xurado integrado por persoas de acreditada valía seleccionará os traballos finalistas que serán dados a coñecer a semana previa á do Día das Letras Galegas.

8. As/os autoras/es finalistas deberán presentar antes do 13 de xuño do 2012 as súas novelas cunha extensión non superior aos 150 folios no estado máis avanzado posible de acabado.

9. O xurado elixirá a obra gañadora, que dará a coñecer a semana previa á do Día da Patria Galega.

10. O/a autor/a gañador/a dedicará o mes de outubro a traballar na súa novela, seguindo un plan que acordará co tutor.

11. O/a autor gañador/a comprométese a entregar a novela totalmente finalizada antes de rematar o ano 2012 para a súa publicación por Biblos.

12. Os outros autores/as finalistas recibirán como premio unha fin de semana para dúas persoas en habitación dobre nun dos establecementos integrados en Pazos de Galicia.

13. A presentación ao Premio dentro do prazo indicado leva implícito o compromiso do autor/a de non retirar o seu orixinal antes de facerse público o fallo do xurado. Asimesmo, o autor/a garante que deica o momento do devandito fallo, a obra non concorrerá a ningún outro premio ou concurso.

14. Co obxectivo de acadar a maior difusión do premio, o/a autor/a comprometerase activa e persoalmente na promoción que Biblos estime necesaria da obra gañadora.

15. Biblos contempla a posibilidade de chegar a acordos cos autores/as das obras finalistas para a súa publicación.

16. Cada autor comprométese a subscribir cantos documentos sexan precisos para que a edición da súa obra sexa inscrita no Rexistro da Propiedade Intelectual.

17. Os orixinais presentados na primeira fase que non estean entre os finalistas, serán destruídos.

18. A participación neste premio conlevará a aceptación das súas bases e da interpretación de Biblos en cantos puntos non se recollan explicitamente nelas.

19. Para calquera diferenza que deba ser dirimida por vía xudicial, as partes renuncian ao fuero propio e sométese expresamente aos Xulgados e Tribunais da cidade da Coruña.



Máis dun cento de persoas encheron o salón de actos da Casa do Libro de Vigo para asistir á presentación do libro de Tucho Calvo, quen estivo acompañado por Xosé Díaz, autor do prólogo.

BRINDÁRONLLE UNHA GRAN ACOLLIDA AO ADIANTARSE AOS TRABALLOS QUE SAIRÁN SOBRE A VIDA E OBRA DO AUTOR DAS LETRAS 2012

VALENTÍN PAZ-ANDRADE, A MEMORIA DO SÉCULO XX RECIBE ELOXIOS DE LECTORES E CRÍTICA

Por tratarse da máis completa biografía que se ten publicado sobre a figura que protagonizará o Día das Letras Galegas do 2012, e por tratarse tamén da primeira obra das moitas que sen dúbida se ocupan do tema nos vindeiros meses, *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*, de Tucho Calvo, suscitou un gran interese dos lectores e moi favorables comentarios por parte dos medios de comunicación. Presentacións multitudinarias como a que tivo lugar na Casa do Libro de Vigo, ou como as que se celebraron a continuación nun dos salóns da Fundación Caixanovagalicia da Coruña e no Seminario de Mondoñedo, son só as primeiras referencias a un apretado calendario de actos arredor do libro e da figura que aborda previstas en asociacións e centros de ensino de toda Galicia.

Valentín Paz-Andrade (1898-1987), a figura que a Real Academia Galega elixiu para protagonizar o Día das Letras Galegas do 2012, fixo nos anos que precederon a súa morte un amplo repaso da traxectoria vital que o converteu en home clave na historia do século XX galego. Era a comezos dos anos oitenta, na súa casa de Pousa Nova do Mar a carón da praia viguesa de Samil, e servíanlle de fio condutor as

preguntas dunha entrevista do xornalista Tucho Calvo. No longo diálogo narra as vicencias de quen tivo unha presenza sobranceira non só na

política galega, senón tamén na cultura e no mundo empresarial: viaxeiro incansable que mantivo vivas as relacións co exilio galego; poeta, avoga-

do e xornalista que dirixiu nos anos vinte o diario *Galicia* e, deica a súa morte, a que hoxe é decana mundial das revistas do sector pesqueiro, *Industrias Pesqueras*; impulsor de Pescanova; técnico da F.A.O. que xa en 1960 alertou dos perigos do tema das 200 millas para as frota españolas; perseguido e represaliado na posguerra; membro da «Comisión de los diez» que negociou a transición co Goberno da UCD e senador por Pontevedra nas Cortes Constituíntes..

AVENTURAS DUN HOME PROTEXIDO POLO DESTINO

A vida de Valentín Paz-Andrade ten moito de aventura e responde a unha persoa a quen o destino decide protexer. Así, moi novo vémosto reclutado para ir á guerra a Marrocos en 1921, escribindo crónicas desde alí e acadando o retorno antes de sufrir ningún percance grave; só dous anos despois, na ditadura de Primo de Rivera, pasa por primeira vez polo cárcere; salva a vida no 31 grazas a un *pucherazo* que o deixou sen acta de deputado; sobrevive no 32 a un atentado en Vigo no que recibe cinco balas dun anarquista; volve zarfo da morte no 36, primeiro porque non lle publican un artigo que o condenaría ante os golpistas, e despois porque foxe nun episodio de película no seu desterro de Verín; no 39, na viaxe de noivos, adianta o retorno desde Marrocos e librase dun accidente aéreo no que non habería sobreviventes; é encarcerado no 57 por un artigo en *Industrias Pesqueras* e un atropelo pono nas portas da morte no 61.

Atopamos a Valentín Paz-Andrade na II Asamblea Nazionalista (1919), na presidencia do Grupo Autonomista Galego de Estudantes, como candidato ás Cortes Constituíntes por detrás de Castelao no 31 e, nese mesmo ano, no nacemento do Partido Galeguista no hotel Madrid de Pontevedra. Pero tamén escribindo en *La Noche* o artigo sobre a morte de Castelao coa famosa caricatura de Bagaría; defendendo no 23 unha liña férrea que unise polo norte Galicia con Europa; loitando por crear Petrogasa, Pescanova ou o Banco Industrial de Galicia... e, xa nas últimas décadas, criticando con dureza as actuacións que supuxeron a desaparición do Partido Galeguista ou o erro de manter as deputacións no Estado autonómico.



TUCHO CALVO
Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX
Biblos Rústica
13,5 x 22 cm 472 páxinas
ISBN: 978-84-15086-12-3
21,95 €



CARMEN BLANCO E UN MUNDO DE MULLERES, EN SARGADELOS DE LUGO

A Galería Sargadelos de Lugo acolleu no último bimestre do ano varias presentacións de libros de Biblos. Claudio Rodríguez Fer acompañou a Tucho Calvo no lanzamento de *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX*; o poeta e escritor Martiño Maseda fixo o propio con Fancisco Maseda e o seu *Galego de lei*. *Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar*; e Elena Freire Paz foi a encargada de comentar *Un mundo de mulleres*, poemario co que Carmen Blanco se incorporou á colección Mandaio. A fotografía corresponde a este último acto.



O ACTUAL CONDE DE GONDOMAR CELEBRA A APARICIÓN DE GALEGO DE LEI DEDICADO AO SEU ANTECESOR

O actual conde de Gondomar, Gonzalo Fernández de Córdoba, asistiu ao acto organizado polo Instituto de Estudos Miñoranos na vila de Gondomar para presentar *Galego de lei*, o libro da colección Mandaio sobre a figura do seu antecesor Diego Sarmiento de Acuña. Ademais acompañaron ao autor, Fancisco Maseda, o alcalde Fernando Guitián e o presidente da entidade organizadora, Carlos Méixome. Unha reivindicación común foi a de reclamar máis atención para un personaxe histórico de tanta transcendencia.



O APALPADOR, DE PRESENTACIÓNS COA AVENTURA DA CASTAÑA MÁXICA


O novo volume sobre o popular personaxe da mitoloxía infantil galega dá fin de ano, *O Apalpador e a castaña máxica*, de Xoan G., levou de novo o seu autor a participar activamente na Festa da Písa da Castaña en Froxán, no corazón do Courel, onde firmou exemplares no posto e venda de libros que atende a librería Celia de Quiroga. Xoán G. estivo tamén no CEIP de Vilamartín de Valdoras (na fotografía aparece con boina, acompañado de profesores e alumnos) e na feira de Nadal de Castrelo de Miño.



JORGE EMILIO BÓVEDA
A HABITACIÓN SECRETA

Antón Castro ve morrer os días atado ao horario dunha fe, de onde vén e cara a onde vai. Ponlle o rostro ao presente co apego que sente cara ao seu único amigo, Xulio Hernández, un compañeiro de traballo amigo do alcol, cuxa filla abrirá os ollos de Antón, flotando malamente nun mar de inxenuidade impropia dun home que leva medio século tentando pasar pola vida sen que a vida pase por el, e loitando contra aquela frase que dicía que «na miña soidade vin cousas moi claras, que non son verdade».


Toxosoutos Rústica
13 × 21 cm 116 páxinas
ISBN: 978-84-15400-05-9
13 €



ANDRÉS XOSÉ RASCADO SHEDDEN
A CLAVE PHIDIAS

Novela que desenvolve unha trama crible, con certas doses de intriga, que pretende aproveitar o fio narrativo para achegar unha serie de coñecementos en temas tan variados como a etimoloxía das palabras, a historia, as matemáticas, a música ou dar a coñecer o funcionamento dalgúns departamentos dunha gran entidade bancaria. Invita tamén á reflexión, coa intención de achegar algunhas ideas e conceptos que axuden a recapacitar sobre asuntos de actualidade e interese xeral.

Toxosoutos Rústica
13 × 21 cm 209 páxinas
ISBN: 978-84-92792-89-4
12 €



ARTUR ALONSO
ADELAIDA

Relato íntimo e coral no que se narra a vida da protagonista, Adelaida, desde a perspectiva de un amplo leque e personagens. Artur Alonso achega-nos, no seu primeiro romance, unha realidade que mostra a incomunicación das persoas, as súas esperanzas, os seus temores, em definitiva os seus sentimentos e sensacións. Cada capítulo do libro centra-se numa personaxe concreta, reproducindo os seus pensamentos calados. O autor construí umha prosa com um profundo sabor poético, uma característica que liga, de jeito natural, com a sua obra anterior.

Através Rústica
14 × 21 cm 142 páxinas
ISBN: 978-84-87305-46-7
12 €



ATIQ RAHIMI
SANGUÉ SABUR

«Nalgún lugar en Afganistán ou noutro sitio calquera», así sitúa o autor este relato que ten como protagonista unha muller oprimida pola relixión, o matrimonio e a sociedade. Nunha cidade tomada polos tanques, vive entregada ao coidado do seu home, un heroe da Guerra Santa en estado vexetal, que converte na súa *sangué sabur*, na súa pedra de paciencia, unha pedra máxica que escoita as mágoas de quen llaa quere confiar. Un día tras outro, a muller vai confesando o inconfesable, liberándose da súa dor, mesturando frustración com tenrura, pasado com presente. Tradución do francés de Isabel García Fernández.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 108 páxinas
ISBN: 978-84-92866-25-0
14 €



F. SCOTT FITZGERALD
CONTOS DA ERA DO JAZZ

O jazz é a música que sempre soa de fondo nas novelas e relatos de Francis Scott Fitzgerald. É o ritmo dos decadentes anos 1920, unha época que o autor definiu como a Era do Jazz. Nesta atmosfera móvense os heroes e as heroínas dos seus relatos, seres que destacan pola súa atractiva personalidade e por estaren absolutamente condenados. Son personaxes que, antes de apagarse para sempre, refúlxen por un intre com grande intensidade. Este volume inclúe relatos como *O curioso caso de Benjamin Button* e tamén o que está considerado como o seu mellor conto: *O diamante tan grande como o Ritz*. Tradución de Rafael Salgueiro.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 304 páxinas
ISBN: 978-84-92866-20-5
19,48 €



SŁAWOMIR MROŻEK
O PREZO DA FAMA

Relatos nos que destaca o humor co que Mrożek desenmascara o primitivismo, o disparate e a fachenda absurda coa que todos actuamos en ocasións, ao mesmo tempo que desacredita os estereotipos do noso comportamento en sociedade. Cun humor punzante, sempre fino e ás veces poético, o autor mantén no lector un sorriso que estalla a miúdo nunha gargallada. Tradución do polaco de Paula Cancelas.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-92866-22-9
17,58 €



WOLFGANG KOEPPEN
APUNTAMENTOS DE JACOB LITNER DESDE UN BURATO NO CHAN

Unha das primeiras memorias literarias do Holocausto que orixinalmente se presentou como un texto de Koeppen sobre conversas con Jakob Littner; anos despois quedou demostrado que Koeppen traballara sobre un manuscrito do propio Littner, que o editor xulgara interesante no contido e deficiente na forma. Constitúe un relato poderoso da desgraza e salvación dun home que nunha noite de 1938 deixa de ser un reputado filatelista muniqués para se converter nun xudeu polaco deportado e perseguido. Tradución de Eva Almazán.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 126 páxinas
ISBN: 978-84-92866-23-6
14 €



FRAN ALONSO
Ninguén

Relatos nos que se abordan os actuais xeitos de relación entre as persoas nas sociedades urbanas e o modo en que a cidade e a tecnoloxía influen para mudar os medios que empregamos para comunicarnos e relacionarnos. O libro está centrado na convivencia entre os veciños dun edificio.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-9914-302-6
15,82 €



LUIS REI NÚÑEZ
Cita en Fisterra

Páxinas que agochan unha viaxe a unha terra mítica que o protagonista aborda despois de misticismos e con sentido crítico. O que á fin prevalece é a proximidade á xente, a curiosidade polo lendario e a fortaleza da memoria, individual e colectiva. A narración tece unha viaxe que será tamén a de cada lector.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-9914-311-8
16,15 €



MANUEL RIVAS
O máis extraño. Contos reunidos

Inclúe algúns dos relatos xa célebres como *A barra de pan* ou *A lingua das bolboretas*, outros contos por descubrir como *A chegada de Ingrid*, e outros inéditos e ao tempo sorprendentes como *A sombra do soño*. Medos, paixóns, emigración, guerra, naufraxios, relixión, depredación da natureza, o poder e as súas máscaras...

Xerais Cartonado
14,5 × 22 cm 488 páxinas
ISBN: 978-84-9914-285-2
21,85 €



PREMIO NOVELA POR ENTREGAS LA VOZ DE GALICIA 2011

DIEGO AMEIXEIRAS
Historias de Oregón

Xénero negro retomado con estilo directo e conciso. Historias que se mesturan nos límites de Oregón, a cidade cero. Vidas cruzadas, tramas paralelas que conforman un mosaico incompleto aínda que representativo das maiores inxustizas e contradicións das sociedades urbanas do noso tempo.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 104 páxinas
ISBN: 978-84-9914-312-5
15,82 €

MARK TWAIN
CARTAS DESDE A TERRA



Factoría K Rústica
14,5 × 21 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-15250-26-5
10 €

Obras publicada moi pouco despois da morte do autor. Deus condena a Satán a pasar un día celestial na Terra por mor duns comentarios irónicos sobre a súa obra. Ao chegar a este planeta, Satán comeza a escribir-lles cartas aos seus amigos Gabriel e Miguel, nas que lles comenta os avatares da humanidade. Cun estilo ameno, directo e irónico, Mark Twain mostra as contradicións do home perante o feito relixioso.

REKO E TINA LUNDÁN
SEMANAS, MESES



Factoría K Rústica
14,5 × 21 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-15250-30-2
15,20 €

Obra que axiña se convertiu en *best-seller* en Finlandia. O seu autor, ata o de agora inédito en España, dramaturgo e escritor de prestixioso, faleceu a causa dun tumor cerebral. A obra, escrita a medias coa súa muller, recolle a súa experiencia coa doenza, a evolución física e anímica. Trátase dun libro moi duro, pero á vez de gran sensibilidade e esperanzador. Traducido ao galego por Jarna Piippo e Ramón Nicolás.

CARMEN VILLARINO PARDO E LUIZ RUFFATO (ORGS.)
O CONTO BRASILEIRO CONTEMPORÂNEO



Laivento Rústica
17 × 21 cm 238 páxinas
ISBN: 978-84-8487-212-2
15,20 €

Seleção de contos de: Adriana Lisboa, Adriana Lunardi, André Sant'Anna, Bernardo Carvalho, Carola Saavedra, Cíntia Moscovich, Cristóvão Tezza, Fernando Bonassi, Ferréz, Flávio Carneiro, João Anzanello Carrascoza, Luis Augusto Fischer, Marçal Aquino, Maria Esther Maciel, Mário Araújo, Michel Laub, Miguel Sanches Neto, Milton Hatoum, Ronaldo Correia de Brito, Tatiana Salem Levy e Tércia Montenegro.

ARTE DE CALIDADE E A BO PREZO COA GARANTÍA DE BIBLOS E A GALERÍA CITANIA DE SANTIAGO

BIBLOS OFRÉCELLE ESTE BIMESTRE AOS SEUS SOCIOS A POSIBILIDADE DE FACERSE CON PEZAS DE ARTE DE CALIDADE E A BO PREZO COA COLABORACIÓN DUNHA DAS MÁIS VETERANAS GALERÍAS DE ARTE DE GALICIA, A GALERÍA CITANIA DE SANTIAGO. TRÁTASE DE CARTAFOLES DIVERSOS QUE REPRESENTAN TANTO UNHA OPORTUNIDADE DE DISFRUTAR DESTAS OBRAS QUE MESTURAN A EXPRESIÓN PLÁSTICA E A POÉTICA, COMO DE REALIZAR EN TODOS OS CASOS UNHA PEQUENA INVERSIÓN SEGURA OU DE CONTAR CUN AGASALLO QUE NUNCA NOS DEIXARÁ MAL EN CASOS MOI ESPECIAIS (VODAS, ANIVERSARIOS, COMPROMISOS DE EMPRESA ETC. UN PEQUENO INVESTIMENTO SEGURO)



MANUEL FIGUEIRAS RÍO DE INVERNO

O cartafol componse de dous gravados orixinais de Manuel Figueiras de 48 x 38 cm., estampados polo autor sobre papel Guarro Super Alfa de 250 gr/m², acompañados de poemas de Manuel Outeiriño. Edición de 30 exemplares numerados e asinados a lapis polo artista.

Referencia: 07-0031-411
312 €



BALDO RAMOS CANDELORIA

Cartafol con unha caligrafía orixinal e diferente (hai varias para elixir en función das existencias) de Baldo Ramos, autor tamén do poema inédito que acompaña a edición. A caligrafía foi realizada en tintas sobre papel Aquarelle de Arches 100% algodón de 300 gr.

Edición de 30 exemplares numerados do 1 ao 30, máis 10 numerados do I ao X e asinados polo autor.
Referencia: 07-0029-411
260 €



MANUEL FIGUEIRAS (MÉXICO, 1961), ESTUDOU GRAVADO NA ESCOLA DE ARTES APLICADAS DE MADRID E HISTORIA DA ARTE EN COMPOSTELA. CATEDRÁTICO DE INSTITUTO NA MODALIDADE DE DEBUXO, CRÍTICO E ENSAÍSTA SOBRE ARTE, TEN EXPOSTO EN DIVERSOS LUGARES DE EUROPA E AMÉRICA E REALIZADO OBRA GRÁFICA BASEADA EN POEMAS DE ROSALÍA, RIVEIRO COELLO, XOSÉ M^a ÁLVAREZ CÁCAMO E GABRIEL FERRATER.

ALFREDO VIGO TRASANCOS (DIR.) GALICIA Y EL SIGLO XVIII. PLANOS Y DIBUJOS DE ARQUITECTURA Y URBANISMO (1701-1800)

Obra de consulta manexable que recompila toda a planimetría que se conserva do século XVIII referida á arquitectura e as cidades galegas. O rico material planimétrico segue unha organización de tipo xeográfico e toma os concellos galegos como medio de ordenación, dispostos por orden alfabético. Recolle un total de 1.600 planos e debuxos. Está disposta en tres partes: o primeiro volume, incorpora toda a planimetría en cor cun interesante prólogo do profesor e académico Antonio Bonet Correa; un segundo volume en branco e negro, onde os planos aparecen a menor tamaño acompañados das súas correspondentes lendas manuscritas e os datos básicos de referencia, todo precedido dunha serie de estudos introductorios realizados polos compoñentes do equipo de investigación e rematados cunha rica bibliografía e, finalmente, unha tarxeta USB onde se atopa unha rica base de datos con toda a información do libro. O estoxo inclúe tamén dez reproducións de planos a toda cor, tamaño A2.

Fundación Barrié Cartonado
28 x 21 cm 1.500 páxinas
ISBN: 978-84-95892-88-1
47,50 €

Equipo:

Coordinadores: Jesús A. Sánchez García e Miguel Taín Guzmán

Investigadores: Irene Calvo Mosquera, Jorge Gómez Ipparraguirre e Irene Mera Álvarez, supervisores; Marta García Filgueira, Francisco Javier Novo Sánchez, Carlos Pena Buján e José Manuel Yáñez Rodríguez.



XULIO GARCÍA RIVAS LUZADAS

Cartafol con unha pintura orixinal e única de Xulio García Díaz, de 32 x 41 cm., en acrílico sobre papel acuarela Royal-Talens «Van Gogh», de 240 gr/m², asinada polo artista. Hai varias pinturas para elixir en función das existencias.

Edición de 30 exemplares numerados, máis 10 fóra de serie numerados do I ao X.
Referencia: 07-0030-411
197,60 €

XULIO GARCÍA RIVAS (BORRAXEIRO-SALÍN, 1947), ESPECIALIZÓUSE EN DESEÑO GRÁFICO NA ESCOLA DE ARTES APLICADAS DA CORUÑA E LICENCIÓUSE NA FACULTADE DE BELAS ARTES DE BARCELONA. PROFESOR DE DEBUXO NO ENSINO SECUNDARIO, TEN EXPOSTO NAS PRINCIPIAS GALERÍAS DE ESPAÑA E SUDAMÉRICA E FIGURA EN IMPORTANTES COLECCIÓNS PÚBLICAS E PRIVADAS. TRABALLA TAMÉN NOS EIDOS DO DESEÑO E A ILUSTRACIÓN.



XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR
SEARA. OBRA POÉTICA (1971-2011)
Edición da poesía reunida do autor que inclúe os libros inéditos *Anuncian aves* e *Os versos do zapateiro*. Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), poeta, ensaísta, dramaturgo e narrador, licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, é profesor de Lingua e Literatura galegas. Fundador e director do grupo teatral Ancora-douro. Galardoado como poeta cos premios Esquio, Cidade de Ourense e Uxío Novoneyra. Pola súa obra narrativa recibiu os premios Carvalho Calero, Torrente Ballester e Premio da Crítica Española.
Espiral Maior Rústica
12,5 x 21 cm 332 páxinas
ISBN: 978-84-92646-66-1
21,85 €

PILAR PALLARÉS
LEOPARDO SON
Pilar Pallarés (Culleredo, A Coruña, 1957), poeta, ensaísta e profesora de Lingua e Literatura Galega, é un dos máximos referentes da poesía galega contemporánea. Autora, no eido do ensaio, entre outras obras, de *Rosalía: unha leitura feminista* (1985), *Literatura do século XX* (1988), *Rosas na sombra. A poesía de Luís Pimentel* (1991) e, en colaboración con Laura Tato, *Ricardo Carvalho Calero: a dignidade persoal* (1994) e *Rafael Dieste* (1995), a súa obra poética foi recoñecida co Premio Esquio (1983) e co Premio da Crítica Española (1996).
Espiral Maior Rústica
12,5 x 21 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-92646-64-7
13 €

MARTA DACOSTA
ACUÁTICA ALMA
Marta Dacosta (Vigo, 1966), poeta e crítica literaria, é licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e na actualidade exerce como docente en Ensino Medio. Autora do libro *Andlise práctica de Con pólvora e magnolias*, X. L. Méndez Ferrín (1994), ten realizado diversas colaboracións en xornais e revistas e a súa obra poética, traducida ao ruso, catalán e español, figura nas antoloxías Para saír do século. Nova proposta poética, defecto 2000 e Novas Voces da Poesía Galega. Autora tamén do libro de viaxes *Baixo Miño* (2009) e do ensaio *Un mar de mulleres* (2011), como poeta están en posesión, entre outros, dos premios Rosalía de Castro, Miguel González Garcés e Martín Códax.
Espiral Maior Rústica
12,5 x 21 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-92646-65-4
14 €

OLGA NOVO
CRÁTER
A poética e ensaística de Olga Novo está marcada por unha profunda conexión co surrealismo como filosofía vital asentada no amor, na liberdade e na beleza. O espírito libertario, a procura da paixón e a intensidade, a sensualidade e un erotismo de raizame telúrica e apertura cósmica informan a linguaxe desta poeta do desbordamento. Limiar de Carmen Blanco.
Toxosoutos Rústica
13 x 21 cm 194 páxinas
ISBN: 978-84-15400-04-2
14 €

ALBERTE MOMÁN
OS QUILÓMETROS QUE PERCORREMOS DENDE AQUELA
As relacións humanas non son acontecementos illados na traxectoria vital dunha persoa, senón que se atopan expostas a todo tipo de influencias e agresións externas. Unha contorna que en ningún caso nos é allea e que condiciona o percorrido destas tres historias, que doadamente servirán de espello para o día a día das relacións persoais. Unha lectura próxima á que achegarse dende a propia experiencia.
Toxosoutos Rústica
13 x 21 cm 162 páxinas
ISBN: 978-84-92792-99-3
11 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Longa noite de pedra
Notas e comentarios de X.M. Álvarez Cáccamo.
Edicións do Castro Rústica
14,5 x 21 cm 158 páxinas
ISBN: 84-7492-440-5
8 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Obra narrativa
Recolle *A fronteira infinda* e *A taberna do galo*. Edición de Mónica Góñez Silva.
Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 232 páxinas
ISBN: 978-84-9782-063-9
17,58 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Longa noite de pedra
Edición de Gonzalo Navaza.
Xerais Rústica
13 x 19 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-7507-452-8
10,70 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Escolma poética
Edición de Ramón Nicolás con ilustracións de Baldo Ramos. Reúne os versos máis senlleiros publicados en *Longa Noite de Pedra*, *Viaxe ao país dos ananos* e *Onde o mundo se chama Celanova*.
Faktoria K Cartonado
15 x 23,5 cm 52 páxinas
ISBN: 978-84-96957-30-5
15 €

CELSE EMILIO FERREIRO
O soño sulagado
Edición de Ramiro Fonte.
Xerais Rústica
13,5 x 19,5 cm 112 páxinas
ISBN: 978-84-7507-600-3
8,80 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Poesía galega completa
Edición de Ramón Nicolás que inclúe *Cartafol de poesía*, *O soño sulagado*, *Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos Ananos*, *Onde o mundo se chama Celanova* e *Libro dos Home-naxes*. Ten ademais numerosas composicións inéditas.
Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 792 páxinas
ISBN: 978-84-9782-138-4
28,83 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Viaxe ao país dos ananos
Inclúe análise e contextualización de Armando Requeijo e un capítulo biográfico.
Xerais Rústica
13 x 19 cm 192 páxinas
ISBN: 84-9782-131-9
15,80 €

CELSE EMILIO FERREIRO
Semblanzas. Crónicas e artigos
Artigos publicados no Faro de Vigo ao longo de trinta anos; en parte baixo o epígrafe de «La jaula de los pájaros raros». Recolle ademais crónicas sorprendentes sobre o Camiño Portugués. Edición de Ramón Nicolás.
Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 456 páxinas
ISBN: 978-84-9782-254-1
25,65 €



RAMÓN NICOLÁS E XURXO SOUTO
Celso Emilio. Fotobiografía sonora
Libro e dous CD.
Ouvirmos Cartonado
210 páxinas
ISBN: 978-84-611-0328-7
39 €

X.L. MÉNDEZ FERRÍN, VICENTE ARAGUAS, RAMIRO FONTE E ANXO TARRÍO
Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). Unha fotobiografía
Xerais Cartonado
22 x 27,5 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-8507-396-5
39,14 €

RAMÓN NICOLÁS RODRÍGUEZ
Conversas con Celso Emilio Ferreiro
Recolle unha manda de entrevistas feitas ao longo da súa vida. Preguntas e respostas agrupadas por temas.
Xerais Rústica
14,5 x 22 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9782-975-5
16,53 €



ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
Obra poética completa
Este magnífico volume incorpora a práctica totalidade da obra poética do autor de Taramancos dispersa en revistas, folletos e outras publicacións. Limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo.
Espiral Maior Cartonado con camisa
17 x 24,5 cm 492 páxinas
ISBN: 84-95625-63-6
15 €



GEMMA FERNÁNDEZ E JOSÉ SERÉN (ED.)
Poemas no faiado. Antoloxía de poesía lusófona para crianzas
No fim do libro poderás encontrar referencias bibliográficas para cada unha das autoras e autores que aparecen na antoloxía.
Através Rústica
17 x 21 cm 190 páxinas
ISBN: 978-84-87305-45-0
19 €



SANTIAGO FREIRE
Do revés. Poemas para nenos
Nun intento de explicar o Universo, o autor só desexa que o lector abra o libro ao chou, lea uns versos e vexa o mundo cos ollos do primeiro neno que ergueu a cabeza cara ao firmamento.
Morgante Rústica
13 x 21,5 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-15166-29-0
10 €



FRAN ALONSO
Poetízate. Antoloxía da poesía galega
Divertida antoloxía que demostra que a poesía non morde, nin é difícil. De Rosalía ás poetisas novas, o autor propón unha viaxe polos poemas máis próximos, divertidos e desenfadados da lírica galega.
Xerais Rústica
13,5 x 21 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-9914-250-0
11,35 €



FRAN ALONSO
O meu gato é un poeta
Fusión de xéneros a través da reflexión, da poesía visual, da música, das novas tecnoloxías para conseguir unha proposta poética fresca e divertida. O libro vai acompañado dun CD con seis cancións de Xurxo Souto.
Xerais Rústica
13,5 x 20 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-9914-211-1
12,40 €



CASAHAMLET N.º 13
A revista de teatro reivindica a Cunqueiro, xunto con Otero Pedrayo, «como a fonte máis caudal e poderosa da nosa literatura escénica» e proporciona un amplo enfoque sobre a obra dramática cunqueirá con diversos traballos ensaísticos e de creación. Entre estes últimos, unha adaptación para a escena do conto de Tucho Calvo titulado *O gatipetro*.
Deput. Coruña Rústica
21 x 30 cm 104 páxinas
Referencia: 06-0165-181
5 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

ESPECIAL SOBRE CUNQUEIRO
CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO
Ferramentas para o diálogo teatral
Director, actor e autor teatral e audiovisual, Carlos Álvarez-Ossorio fala das ferramentas básicas das que dispón un actor – corpo, palabra, emocións e pensamento – e reflexiona sobre a implicación destas no diálogo teatral e na formulación de estratexias.
Deput. Coruña Rústica
13,5 x 20 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-9812-152-0
7 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

CLIVE BARKER
Xogos teatrais. Unha perspectiva nova na educación teatral
«Este libro trata da arte e do traballo do actor», segundo afirma o autor. Ten como finalidade que calquera persoa vinculada coa interpretación teatral poida desenvolver a súa técnica sen inhibicións nin artificios. Despois dunha breve exposición teórica, Clive Barker mostra como deseñar sesións de traballo e que destrezas interpretativas se desenvolven en cada xogo. Tradución de Manuel F. Vieites.
Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 360 páxinas
ISBN: 978-84-9865-407-3
23,75 €

CARLOS SANTIAGO
Abraço de ferro
Pequena peza teatral estreado en maio de 2002 em Ton-dela pelo Trigo Limpo Teatro ACERT e apresentada a seguir no Festival Internacional de Teatro D'Agosto de Maputo. Um diálogo entre dois atores que transita entre a realidade e o surrealismo ao mesmo tempo que vira do humor ao drama. O autor é um dos criadores galegos mais assentados nas relações com Portugal, dramaturgo escritor e artista vinculado a Sala Nasa em Compostela.
Através Rústica
14 x 21 cm 74 páxinas
ISBN: 978-84-87305-43-6
8 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

OS MÁIS VENDIDOS EN BIBLOS

NARRATIVA

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
Non hai noite tan longa
Xerais Rústica
15 × 22,5 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-9914-252-4
17,10 €

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ
Lume de cobiza
Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 284 páxinas
ISBN: 978-84-9864-367-0
18,53 €

MANUEL RIVAS
Todo é silencio
Xerais Rústica
14 × 22 cm 280 páxinas
ISBN: 978-84-9914-169-5
17,10 €

HARURI MURAKAMI
1Q84. Libro 1 e 2
Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 928 páxinas
ISBN: 978-84-9865-325-0
24,70 €

FRAN ALONSO
Ninguén
Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-9914-302-6
15,82 €

ENSAIO

TUCHO CALVO
Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX
Biblos Rústica
13,5 × 22 cm 472 páxinas
ISBN: 978-84-15086-12-3
21,95 €

STÉPHANE HESSEL
Indignádevos!
Faktoria K Rústica
13,5 × 20 cm 48 páxinas
ISBN: 978-84-15250-06-7
5 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

CARLOS J. GALBÁN MALAGÓN
A Guerra dos Irmandiños
Lóstrego Rústica
12 × 19 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-937915-4-4
14,96 €

FRANCISCO RODRÍGUEZ
Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)
AS-PG Rústica
17,5 × 24 cm 732 páxinas
ISBN: 978-84-89679-99-3
21,85 €

CARLOS CALLÓN

Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media
Sotelo Blanco Rústica
184 páxinas
ISBN: 978-84-7824-614-4
15 €

LINGUA E LITERATURA

ALEJANDRO TOBAR, BEGOÑA PAZ, DIEGO AMEIXEIRAS, IOLANDA ZÚÑIGA E XABIER CID
O divino ferrete
2.0 Editora Rústica
14 × 19,5 cm 68 páxinas
ISBN: 978-84-938184-4-9
6 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €

LOIS PEREIRO
Libro + 2 CD
Fotobiografía sonora de Lois Pereiro
Ouvirmos Cartonado
18 × 25 cm 200 páxinas
ISBN: 978-84-938276-1-8
41,80 €

XOÁN LÓPEZ VIÑAS, CILHA LOURENÇO MÓDIA E MARISA MOREDA LEIRADO
Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión
Baía Rústica
15,5 × 23 cm 548 páxinas
ISBN: 978-84-92630-63-9
28,50 €

CARLOS CALLÓN
Como defenderes os teus dereitos lingüísticos
Xerais Rústica
17 × 24 cm 208 páxinas
ISBN: 978-84-9914-287-6
15,82 €

DOLORES VILAVEDRA
A narrativa galega na fin de século. Unha ollada crítica dende 2010
Galaxia Rústica
14,5 × 21,5 cm 364 páxinas
ISBN: 978-84-9865-315-1
22,80 €

POESÍA

LOIS PEREIRO
Poemas 1981-1991
Edicións Positivas Rústica
11,5 × 22 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-87783-12-8
10 €

LOIS PEREIRO

Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995
Edicións Positivas Rústica
11,5 × 22 cm 108 páxinas
ISBN: 978-84-87783-34-0
10 €

LOIS PEREIRO SÁNCHEZ
Poesía completa Lois Pereiro
Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-9914-200-5
15,82 €

EVA VEIGA
A frecha azul do teixo
Espiral Maior Rústica
14 × 21 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-92646-49-4
15 €

LIBRO + CD
FRAN ALONSO
O meu gato é un poeta
Xerais Rústica
13,5 × 20 cm 72 páxinas
ISBN: 978-84-9914-211-1
12,40 €

TEATRO

TERESA MOURE
Cínicas
UDC Rústica
14 × 21 cm 76 páxinas
ISBN: 978-84-9749-427-4
9 €

ÁLVARO CUNQUEIRO
Don hamlet e outras pezas. Teatro galego completo (1932-1968)
Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-8288-125-6
14,9 €

GASTRONOMÍA

YOLANDA CASTAÑO E ANDREA COSTAS
Cociñando ao pé da letra
Galaxia Cartonado
17,5 × 20,5 cm 184 páxinas
ISBN: 978-84-9865-352-6
20,90 €

MARTÍN ÁLVAREZ GÓMEZ
Guía secreta da gastronomía galega: Ourense
Alvarellos Editora Rústica
18 × 18 cm 138 páxinas
ISBN: 978-84-89323-43-8
15,20 €

MANUEL M. PUGA Y PARGA (PICADILLO)
La cocina práctica
Edicións do Cerne Rústica
15 × 20 cm 278 páxinas
ISBN: 978-84-85738-36-6
19 €

MARIONA QUADRADA

Ensaladas. A frescura da terra
Baía Rústica
15,5 × 16 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-92630-91-2
15,10 €

INFANTIL

XOÁN G.
O Apalpador e a castaña máxica
Biblos Cartonado
21,5 × 23,5 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-15086-15-4
13,95 €

MAMÁ CABRA
Xa me tardan estes Magos
Galaxia Cartonado
24 × 21 cm 28 páxinas
ISBN: 978-84-9865-390-8
19 €

ADELA BASCH
A miña avoa fala galego / My grandmother speaks galician
En tradución de Millán Picouto.
Linteo Cartonado
22,2 × 26,8 cm 56 páxinas
ISBN: 978-84-96067-59-2
15 €

TERESA GONZÁLEZ COSTA
A filla do ladrón de bicicletas
Xerais Cartonado
13,5 × 19 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-9914-165-7
12,10 €

ÉDITIONS AUZOU E CHISTOPNE BONCENS
O meu cofre dos animais
Baía Cartonado
33 × 17 cm
ISBN: 978-84-92630-86-8
20,90 €

XUVENIL

XOSÉ NEIRA VILAS
Memorias dun neno labrego
Galaxia Cartonado
17,5 × 24,5 cm 100 páxinas
ISBN: 978-84-9865-346-5
18,05 €

GEMMA LIENAS
O diario violeta de Carlota
Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 164 páxinas
ISBN: 978-84-9865-335-9
9,50 €

MARICA CAMPO DOMÍNGUEZ
Noutra dimensión
Galaxia Rústica
13 × 20 cm 220 páxinas
ISBN: 978-84-9865-351-9
12,50 €

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

Fantasma de luz
Xerais Cartonado
14 × 21,50 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-9914-168-8
15,50 €

CINEMA

ANTÓN DOBAO
O club da calceta
Ficción Producciones e TVG
Referencia: FTV-0001
12 €

ANTÓN DOBAO
A mariñeira
Referencia: FTV-002
12 €
CD + DVD

BANDA CREBINSKY/ ENRIQUE OTERO
Banda sonora e DVD de Crebinsky
Fol Música
Ref.: 8436030493130
14,95 €

ANTÓN DOBAO
A biblioteca da iguana
Ficción Producciones e TVG
Referencia: FTV-0004
12 €

ANTÓN DOBAO
O bosque de levas
Ficción Producciones e TVG
Referencia: FTV-0003
12 €

MÚSICA

UXÍA
Meu canto
Fol Música
Referencia: 100FOL1052
14,95 €


DOA
A fronda dos cervos
Fol Música
Referencia: 100FOL1053
14,95 €

MERCEDES PEÓN
SOS
Fol Música
Referencia: 10002048
18,95 €

VARIOS AUTORES
Música galega hoxe
Fol Música
Referencia: 100FOL1050
6 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €
ROI CASAL
Maxicamente vello
Ref.: 8424295349873
13,50 €

MANUEL ANTONIO



MANUEL ANTONIO. Obra Completa. Vol. I Prosa
Edición e notas de Xosé Luís Axeitos Agrelo.
Fundación Barrié Enteedo
14 × 22 cm 352 páxinas
19 €

A REIVINDICACIÓN DUN XENIO

DOUS PROXECTOS DE GRAN TRANSCENDENCIA CENTRADOS NA FIGURA DUN DOS MÁIS GRANDES ESCRITORES GALEGOS, O RIANXEIRO MANUEL ANTONIO (MANUEL ANTONIO PÉREZ SÁNCHEZ, RIANXO, 12-7-1900/28-1-1930) CRISTALIZARÁN AO REMATE DO 2012. DUNHA BANDA, A SÚA CASA MUSEO, INAUGURADA O PASADO 26 DE MARZO, E, DOUTRA, A EDICIÓN DA SÚA OBRA COMPLETA. EN AMBOS OS DOUS CASOS ESTÁ PRESENTE A FUNDACIÓN BARRIÉ, QUE ACHEGA AO PROXECTO MUSEÍSTICO PARTE DOS SEUS FONDOS E QUE LEVA A CABO A PUBLICACIÓN DA OBRA COA COLABORACIÓN DA REAL ACADEMIA GALEGA. Á FRONTE DESTAS

EMPRESAS CULTURAIAS ATÓPASE XOSÉ LUÍS AXEITOS (ASADOS, 1945), SECRETARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA, CATEDRÁTICO DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ E PROFUNDO COÑECEDOR DA BIOGRAFÍA E A OBRA DOS TRES ESCRITORES SENLLEIROS QUE COMPARTIRON VIVENDAS NA MESMA RÚA RIANXEIRA (CASTELAO, RAFAEL DIESTE E MANUEL ANTONIO), BASE DO PROXECTO DAS SÚAS CASAS MUSEO. CON ESTES TRABALLOS, A FIGURA EMBLEMÁTICA DE MANUEL ANTONIO REIVINDÍCASE COMO UN AUTÉNTICO XENIO ADIANTADO AO SEU TEMPO E EN CONTACTO REAL COAS VANGARDAS DE TODO O MUNDO.



XOSÉ LUÍS AXEITOS ACHEGA, ENTRE OUTROS ESCRITOS E TRADUCIÓNS, CATORCE TEXTOS LITERARIOS INÉDITOS

A FUNDACIÓN BARRIÉ E A RAG EDITAN O PRIMEIRO VOLUME DAS OBRAS COMPLETAS DE MANUEL ANTONIO, DEDICADO Á PROSA

Vén de publicarse o primeiro volume da obra completa de Manuel Antonio, o dedicado á súa prosa, que forma parte dun proxecto conxunto entre a Real Academia Galega e a Fundación Barrié que permitirá, por fin, o coñecemento da totalidade da produción. O devandito traballo, que inaugura tamén unha nova colección, con vocación de futuro, que se denominará Clásicos da Academia, leva a firma do académico Xosé Luís Axeitos.

O plano da publicación da obra completa de Manuel Antonio contempla a posibilidade de cinco volumes: o primeiro para a prosa, o segundo e terceiro para o riquísimo epistolario, inédito en gran parte, o cuarto para a poesía e un derradeiro volume destinado á biografía de Manuel Antonio.

Os textos deste primeiro volume está dividido en dous apartados: no primeiro –Prosa literaria– agrúpanse textos con horizonte artístico-literario, estético; no segundo –Prosa ensaística– recóllense,

encabezados polo manifesto *Mais alá!*, aqueles escritos teóricos, de natureza doctrinal, que expoñen as ideas e fundamentos teóricos en materia literaria, musical e artística en xeral. «Pareceunos axeitado dividir este apartado segundo, atendendo á súa temática, en textos literarios e textos de natureza política», explica Axeitos, para engadir: «Malia esta ordenación, os escritos están solidamente anoados polo compromiso firme de Manuel Antonio con Galicia. Neste senso, revelan un inusual equilibrio entre o raciocinio do teórico e a paixón coa que defende os seus ideais políticos e ideolóxicos. O seu ideal de conquistar un espazo de liberdade política e autonomía literaria para Galicia, máis alá do seguimento de consignas políticas e partidistas, levouno á defensa irrenunciable da nosa lingua, da nosa bandeira, da nosa música, dos nosos mariñeiros e da nosa paisaxe».


Co título de «Prosa literaria» agrúpanse un total de catorce títulos que reco-

llen os textos de creación literaria inéditos, todos eles narrativos, moldeados pola brevidade, intensidade, polo experimentalismo e pola vontade de levar á prosa a mesma tensión que caracteriza a poesía de Manuel Antonio.

Dentro deste volume destacan tamén as traducións de Manuel Antonio, porque –como sinala Xosé Luís Axeitos– «non é o mesmo escribir nun país que se da por feito, nunha cultura habitable, nun proxecto de vida, que escribir sentindo a urxencia de crealo e recrealo todo: a linguaxe, a cultura e a vida. A tentativa prometeica de Manuel Antonio, máis que unha desmesura individual semella cumprir unha necesidade histórica, unha urxencia nacional da que se sente responsable: un fundador na procura de fundamentos. Mesmo se ve esta actitude nas súas traducións, que queren arrequentar o noso salón literario e facernos interlocutores de esa conversa que chamamos literatura universal».

SINGRADURAS

Baixo o título de «Singraduras» Axeitos agrupou unha serie de manuscritos, os máis dunha soa folla pero cunha gran calidade literaria. Para mostra estes dous, unha imaxe dun orixinal e a transcripción doutra



Un fragmento do orixinal de «Singraduras»

Eu amei un vello barco de velas... Esta noite, unha noite d'os trópicos, eu lembrei-me de aquel barco de velas en que naveguei. E penséi: «Agora estaríamos encalmados. As velas, sin vento, pendurarían como unhas velas velliñas e cansas. A noite, esta mesma noite, sería tan distinta como a popa d'un veleiro e o ponte d'un trasatlántico. E alguén, en voz baixa, comenzaría a cantar unha saudade». Pero eiquí, n-o trasatlántico, podería eu cantar? Deviría unha cousa tan ausurda que a proa espatelaría os ollos, eses dous inmensos ollos por onde abican as áncoras, e eu ficaría calado sin atinar que facer. A foula, debaixo d'as amuras, arquearía-se un pouco mais, tentando unha sorriso burlesca que anonadaría a miña voz. E vin-me tan lonxe d'aquel barco de velas a quen eu tuven sempre onda min de tanto que o amei, que quixen fuxir de m'a topar tan só. N-a miña vida, que non se conta en anos sinón en derroteiros, xa hai unha enorme distancia. Non se pode cantar...

Xa naufragara facía moito tempo; pero aquela noite foi cando, de certo, se perdeu pra sempre o meu vello barco de vela.



A casa-museo, que conserva a estrutura familiar, supón unha viaxe sentimental pola vida e pola obra de Manuel Antonio. Unha rigorosa e coidada selección de imaxes e obxectos lévanos desde as primeiras letras en Iria, ata as súas navegacións. Unha mostra abundosa dos fondos da súa biblioteca persoal afonda na súa personalidade intelectual. A estrela manuscrita que adoita intercambiar con outros mozos nacionalistas, preside a casa-museo, como símbolo dos anxeos de Manuel Antonio e do seu compromiso coa Terra.




O MANUSCRITO DE MÁIS ALÁ!

Unha das singularidades da casa museo dedicada a Manuel Antonio, na mesma céntrica rúa que acollerá as dedicadas a Rafael Dieste e a Castelao dentro dun proxecto global, é que exhibe practicamente na totalidade documentos, textos e obxectos orixinais, boa parte deles procedentes dos fondos da Fundación Barrié.

A carón das fotografías de José Pérez, o primo de Manuel Antonio que nos amosa o Rianxo e as xentes da súa época, están tamén os retratos familiares; as pipas nas que fumou o escritor, as coleccións das publicacións nas que colaborou, os libros que lle dedicaron e a súa sorprendente biblioteca persoal, carteiras, axendas e papeis e obxectos que gardou meticulosamente desde neno (a pizarra que usou con cinco anos, o pacto

de sangue que firmou aos dezaseis cos seus amigos Joaquín González e Rodríguez Lema comprometéndose a falar sempre galego, as 35 cartas que lle enviou a seu amor de mocidade, Mercedes Rodríguez Pimentel, e que ela lle devolveu ao rematar a relación...).

Entre eses documentos pode contemplarse o orixinal moi corrixido –e con perceptibles diferenzas co que publicou co pintor Alvaro Cebreiro, en 1922, na revista Alborada– de *Máis alá!*, o famoso manifesto poético vangardista co que chama a «enterrar os vellos en vida, baixo a lousa inmóbil da súa vulgaridade, pola acefalia que supón o desexo de definir co pasado a hora de hoxe». Un texto contra os devanceiros e o ruralismo, que proclama a necesidade do uso do galego sen concesións.



ROBERTO ALIAGA

A TARTARUGA QUE QUERÍA DURMIR

Cando a tartaruga está a prepararse para durmir todo o inverno comezan a chegar á súa casa un feixe de amigos con distintos agasallos (un pucho, unha manta...) para facerlle máis levadeiro o longo período de descanso que lle agarda. Ela agradece as atencións, pero jestá a caer de sono!

OQO Cartonado 25 x 23 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-9871-021-2
12,90 €



ROBERTO CASTRO E MARGHERITA MICHELI

TROCO

Cada tarde, a ovella Catarina preparaba unha cunca de chocolate e sentaba a ler na súa cadeira favorita. Así estaba cando de repente... catacrak! Caeu escarranchada. Deste xeito empeza o troco: cadeira por tallo, tallo por sofá, sofá por balancín... Entre troco e troco, Catarina irá debullando, nas páxinas do álbum que está lendo, unha historia moi coñecida: o lobo peta na porta, derruba a casa de palla, sopra na porta da casa de madeira...

OQO Cartonado 25 x 23 cm 36 páxinas
ISBN 978-84-9871-359-6
12,90 €

AS AVENTURAS DE RODRIBICO

A EDITORIAL BAÍA VÉN DE PUBLICAR EN SEGUNDA EDICIÓN AS AVENTURAS DE RODRIBICO, A PEGA MARZA QUE VIVE NUNHA FRAGA, QUE CHEGAN AGORA EN LIBROS DE CAPA DURA.

Baía Cartonado 15,5 x 19 cm 32 páxinas
6,95 € cada título

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €



RODRIBICO APRENDE A VOAR

ISBN: 978-84-92630-52-3

RODRIBICO E A NOITE

ISBN: 978-84-92630-56-1

RODRIBICO E O MAR

ISBN: 978-84-92630-53-0

RODRIBICO VAI AO CIRCO

ISBN: 978-84-92630-54-7

RODRIBICO VISITA A CIDADE

ISBN: 978-84-92630-55-4



ROBERTO MEZQUITA E ALEJANDRO GALÍNDEZ

A VELLA NA BOTELLA

Unha bruxa de pelo roxo, farta das queixas da súa veciña, decide un día lanzarlle un meigallo terrible e encerrala nunha botella. Por sorte, unha fada do bosque libera a vella do seu encerro e cumprelle o seu desexo: vivir nunha casaña con horta, vacas e galiñas; pero a desagradecida muller axiña se mostrará descontenta e aspirará a unha vida mellor.

OQO Cartonado 25 x 213 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-9871-363-3
12,90 €



PAULA CARBONELL E CHENÉ GÓMEZ

UN CAN E UN GATO

Un can e un gato coñecéronse. O gato dixo: Miau! O can dixo: Guau! Pero non se entenderon. Dous animais atópanse, xogan, enfádanse, sepáranse, bótanse de menos... e volven xogar. Esta sinxela historia da relación entre un can e un gato axuda a proxectar situacións conflitivas na mente dos nenos e a comparalas con outras experiencias emocionais. Igual que nesta historia, a ledicia e a aceptación dos outros fan sentir agarimo e converten o mal humor en optimismo.

OQO Cartonado 25 x 23 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-9871-361-9
12,90 €

Fundación Barrié

SAXTON FREYMANN E JOOST ELFFERS
A COMIDA TAMÉN É DIVERTIDA

A LECTURA E O ENTRETENIMENTO LÉVANSE BEN COA COMIDA, E PARA PROBA ESTES TÍTULOS, CUXAS FOTOGRAFÍAS COMPUXÉRONSE CON ALIMENTOS. TENDO EN CONTA A RAPIDEZ COA QUE SE DETERIORAN AS FROITAS E OS VEXETAIS CORTADOS, ESCULPIUSE E FOTOGRAFOUSE CADA OBXECTO POR SEPARADO. DESPOIS ESTAS FOTOGRAFÍAS DIXITALIZÁRONSE E PEGÁRONSE XUNTAS CO ORDENADOR.

+4



QUÉ TAL, PEQUENIÑO?

Tradución de Manuel Ramos.
Linteo Cartonado 22,2 x 22,7 cm 30 páxinas
ISBN: 978-84-96067-66-0
10 €

QUÉ TAL, CANCIÑO?

Tradución de Manuel Ramos.
Linteo Cartonado 22,2 x 22,7 cm 30 páxinas
ISBN: 978-84-96067-64-6
10 €

UN CABALIÑO DE MAR SOÍÑO

De novo Saxton Freymann e Joost Elffers, xuntos, nunha excursión submarina chea de brillantes polbos plátano, pementos anxo e figuras de froitas e vexetais increíbles que redefinen o significado da palabra "marisco". Tradución de Manuel Ramos.

Linteo Cartonado 23 x 26 cm 30 páxinas
ISBN: 978-84-96067-65-3
15 €

COMIDA RÁPIDA

Os pés poden andar e correr e brincar, pero son sempre o mellor para viaxar? Outros xeitos hai aquí, tras este cogombro famoso tan ben acaído. Pode ser con mondas de fabas verdes, nunha barca de verzas, nun tren de cabaña, nun avión de plátano! Tradución de Millán Picouto.

Linteo Cartonado 22,7 x 22,2 cm 30 páxinas
ISBN: 978-84-96067-58-5
10 €

GUILLE E BOTÓN

Cando o Guille estaba á fiestra agardando que cesase unha tormenta, de sópeto viu caer unha cousa verde, lenta. Saíu de présa e correndo, apañoouna nun instante e ao regresar atopouse de fronte ao Bosque Ouveante. «É mais hei de pescudar!», exclamou o moi ousado, «onde é que medran máis cousas como esta, tan brillante!» Tradución de Millán Picouto.

Linteo Cartonado 24,5 x 27,2 cm 38 páxinas
ISBN: 978-84-96067-57-8
15 €

QUE TAL, VEXETAL?
ALIMENTOS CON SENTIMENTOS

Divertida proposta ilustrada con fotografías de «hortalizas expresivas», que o son grazas ao aproveitamento estético e lúdico das rugosidades. A tradución é de Millán Picouto.

Linteo Cartonado 25,5 x 27,5 cm 46 páxinas
ISBN: 84-96067-22-X
15 €

QUE TAL VEXETAL?
ALIMENTOS CON PENSAMENTOS

Repara as formas (círculo, óvalo, triángulo, cadrado, ...); cores, números, letras e contrarios, ilustrando cada un deles con vexetais animalizados. As imaxes son tan suxestivas que todos os pequenos e pequenas queren pasar pola despensa e a cocina para faceren as formas eles mesmos.

Linteo Cartonado 24,5 x 27 cm 62 páxinas
ISBN: 978-84-96067-67-7
17,62 €

ANTONIO RUBIO E DAVID PINTOR



Violíns e violas van deixando notas nun branco xaneiro: que fermosa alfombra!

ALMANAQUE MUSICAL

Contén doce poemas de Antonio Rubio (Toledo, 1953), un para cada mes do ano, ilustrados polo coruñés David Pintor, e unha relación de pezas de Vivaldi, Bach, Mozart, Beethoven, Mendelsson, Brahms, Chaikovski, Sibelius, Prokofiev, Alban Berg, Béla Bartók, Boccherini, Haydn e Dvorak, que a xeito de propostas conforman o repertorio ideal para amenizar a lectura. A tradución ao galego é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 18,5 x 27 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-8464-776-8
13 €

En castelán:
ISBN: 978-84-92608-47-8

A TOUPIÑA, AGORA CON SONS



WERNER HOLZWARTH

A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA

O xa clásico álbum da toupiña incorpora sons nesta nova edición. A toupiña saía do seu tobo e algo lle caeu na cabeza, a modo de pucho cheirento. Daquela percorrerá todo o campo para saber cal dos animais que viven alí lle fixo semellante agravio. Premendo un botón, os pequenos escoitarán os sons dos animais do campo.

Kalandraka Cartonado 29,5 x 20,5 cm 18 páxinas
ISBN: 978-84-8464-763-8
19 €



RAMÓN CARIDE

A POMBA DONA PAZ

Un conto concibido para que os lectores máis novos participen dos valores de construción da sociedade e da cidadanía democrática. Ilustracións de Pepe Carreiro.

Xerais Cartonado 18 x 20 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-9914-332-3
10,50 €



ANXO MOURE, IRENE CONTRERAS, MÓNICA MARTÍNEZ E TINO VARELA

PLANTARSE

Metáfora sobre a vida e a morte, o ben e o mal, que toma como imaxe a vida das árbores e partir dun poema de Boris Elkin. Fala de harmonía, mentira, tenrura e esperanza. Impreso en papel reciclado. Os beneficios obtidos coa venda do libro irán destinados á campaña de repoboación forestal «plantabosques» de Xevale-FEG.

2 Teixos Cartonado 32 x 17,5 cm 30 páxinas
ISBN: 978-84-613-7388-9
19 €



JOEL FRANZ ROSELL

O PARAUGAS AMARELO

Unha cidade gris e con xente gris, o operario dunha fábrica de paraugas comete a ousadía de saltar as normas establecidas e fabricar un paraugas amarelo malia que o negro é a cor hexemónica da tea que pasa pola cadea de montaxe. O relato de Joel Franz Rosell, verquido ao galego por Xosé Ballesteros, reivindica a liberdade e a creatividade fronte á rutina e ás convencións impostas.

Kalandraka Cartonado 18,5 x 27 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-8464-778-2
13 €

En castelán:
El paraguas amarillo
ISBN: 978-84-92608-48-5

HOXE COCIÑAMOS OS PEQUENOS

OUIRMOS VÉN DE PUBLICAR OS DOUS PRIMEIROS TÍTULOS DUNHA COLECCIÓN DE DEZ LIBROS DE COCIÑA QUE TEÑEN A PEQUENAS E PEQUENOS COMO PROTAGONISTAS PRINCIPAIS E AOS MAIORES DA CASA NO PAPEL DE SECUNDARIOS. TRÁTASE DE PROPOSTAS SINXELAS, UNHA MIGA INXENIOSAS, QUE TRATAN DE IMPLICAR Á FAMILIA NUNHA ACTIVIDADE NADA GRAVOSA PARA A ECONOMÍA QUE PODE RESULTAR BEN DIVERTIDA. BOCADILLOS E SÁNDWICHES E SOBREMESAS, O PRIMEIRO E SEGUNDO VOLUME PUBLICADOS, INCLÚEN CADA UN 20 RECEITAS REALIZADAS CON INGREDIENTES BÁSICOS, EXPLICADAS PASO A PASO DUNHA FORMA SINXELA POLOS PROFESORES TITULADOS DE HOSTALERÍA MIGUEL A. CARUNCHO, DAVID CIDRE, SANTIAGO MARTÍNEZ E XENXO PEREIRO, E FOTOGRAFADAS POR TONO ARIAS. OS RESTANTES VOLUMES ESTARÁN DEDICADOS A PASTA E PIZZA, FESTAS, ARROZ, PEIXES, CHOCOLATE E XEADOS, CARNES, INTERNACIONAL E ZUMES.

Ouirmos 21 x 21 cm
15,20 €



COCIÑA INFANTIL E FAMILIAR.
BOCADILLOS E SÁNDWICHES

Vinte receitas variadas, desde un pan pizza ou un rolo de sándwich até un cornete de pavo e verduras. Todas elaboradas con ingredientes sinxelos e técnicas de cocina moi básicas. O texto recolle consellos prácticos para avanzar na aventura de cocinar e información sobre ingredientes e alimentos principais.

ISBN: 978-84-938276-3-2

COCIÑA INFANTIL E FAMILIAR.
SOBREMESAS

Ensina como preparar un flan de regaliz ao microondas, unhas muffins de chocolate e abelás ou unha ensalada de froitas con camisa de chocolate branco e negro, entre outras moitas opcións doces e divertidas. Tamén inclúe unha pequena historia do azucre e as súas variedades.

ISBN: 978-84-938276-4-9

LIBROS EN GALEGO E INGLÉS PARA PRIMEIROS LECTORES

A EDITORIAL IR INDO VÉN DE EDITAR VARIOS LIBROS INFANTÍS CON TEXTOS EN GALEGO E INGLÉS, DIRIXIDOS AOS PRIMEIROS LECTORES. O OBXECTIVO DESTA COLECCIÓN É FAMILIARIZAR AOS PEQUENOS CON PALABRAS SINXELAS E FRASES CURTAS EN INGLÉS, COA OPCIÓN DE ESCOITAR A PRONUNCIA DAS MESMAS DESDE A WEB DA EDITORA.

Ir Indo Rústica 21 x 20 cm 24 páxinas cada título

5,75 € cada exemplar

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €



ENRIC LLUCH O CAN DO AVÓ

Os cans son animais moi listos, pero o do avó de Miguel era un caso aparte. Ou polo menos iso di el...

ISBN: 978-84-7680-676-0

ENRIC LLUCH A POMBA COXA

As pombas do parque encántanlles as faragullas, pero seica hai unha que queda sen comer.

ISBN: 978-84-7680-675-3

ENRIC LLUCH A LÚA TEN FRÍO

Cando vai frío metémonos na casaíña pero a pobriña da lú ten que quedar na rúa. Sara sabe como axudala!

ISBN: 978-84-7680-679-1

ENRIC LLUCH PINTANDO NA CASA

Un bote de pintura mal pechado, un neno que tropeza e... que desfeita! menos mal que Carlos o sabe resolver...

ISBN: 978-84-7680-682-1

ENRIC LLUCH O DENTE DE MARÍA

A María caeulle un dente, pero non o atopa. Que problema... que fará o rato Perez?

ISBN: 978-84-7680-681-4

ENRIC LLUCH ELEFANTES DE CORES

As cores dan alegría e son bonitas. E a Miguel encántalle as cores, por iso pinta uns elefantes moi divertidos

ISBN: 978-84-7680-677-7

ENRIC LLUCH NA FEIRA


Na feira hai unha morea de cousas das que lle gustan a Álex. Pero claro non se pode ter todo... ou si?

ISBN: 978-84-7680-680-7

ENRIC LLUCH A COVA

Na montaña hai unha cova. todos lle meten medo a David, cón tanlle que nela vivían monstros. Sera certo?

ISBN: 978-84-7680-678-4



GEOVANY F. GARCÍA E ANDRÉ LETRIA

MARISELA E O ROXO

O amor xurdiu no mercado, cando un mozo de pelo roxo lle regalou á princesa unha mazá, malia que lle podía caer un lapote dun garda real, que daquela non andaban con andrómenas. Marisela aproveitou a ocasión e, sorrindo con picardía, soltou unha frase para a historia: Non será esta a mazá envenenada de Brancaneves? O autor e realizador audiovisual cubano Geovany García Vistorte somete a xuízo valores que se mantiveron ao longo do tempo, e constrúe, nunha época imprecisa, unha divertida historia con eco de contos clásicos, na que os personaxes tradicionais se actualizan e xeran simpatía.

OQO Cartonado

22 x 28 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-9871-238-4

14,90 €



PASCUAL ALAPONTE

MORGANA A DOS OLLOS VERDES

Derradeira entrega da serie, na que Morgana, a dos ollos verdes, está a darlle voltas para decidir o que quere ser de maior.

Ilustracións de Montse Español e tradución de Pablo Sánchez.

Xerais Rústica 13 x 20 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-9914-330-9

12 €



TÍTULOS ANTERIORES

O caderno laranxa de Morgana

168 páxinas

ISBN: 978-84-9914-307-1


12 €

Quen lle ten medo a Morgana

176 páxinas

ISBN: 978-84-9914-308-8

12 €



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ Fantasmas de luz

Damián traballa no mellor cine da cidade ata que recibe a noticia de que a sala vai pechar. A súa vida muda e tamén a da súa muller. Os seus corpos comezan a se volver transparentes, invisibles á vista de quen os rodean. Ilustracións de Miguelanxo Prado.

Xerais Cartonado

14 x 21,50 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-9914-168-8

15,50 €



PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA-CLAUDIO SAN MARTÍN DE LITERATURA XUVENIL 2011



HÉCTOR CARRÉ Febre

Obra que relata un episodio localizado na vila de Noia, na época da febre do volframio. Ao fio das das películas do oeste, Carré describe cun estilo épico a loita do personaxe central, Carmucha, unha moza que ten que enfrontarse a un inimigo infinitamente máis forte na procura da súa liberdade.

Xerais Rústica

13 x 21,5 cm 288 páxinas

ISBN: 978-84-9914-297-5

13,40 €



JEAN-PAUL NOZIÈRE Cabeza de pelouro

Novela sobre o racismo e a intolerancia. Relata o esforzo dunha rapaza alxeriana que vive nunha vila francesa por facerse un oco nunha sociedade marcada polos prexuízos, mentres prepara pola súa conta os exames de bacharelato, á vez que se ocupa dun irmán maior cheo de obsesións.

Galaxia Rústica

14 x 21 cm 150 páxinas

ISBN: 978-84-9865-391-5

11 €



M. Á. VIDAL MARTÍN Doblando las mates. Proyecto con papiroflexia de toda una tribu

Aproximación diferente ás matemáticas a través do origami. A moza que a papiroflexia non é só un entretemento. Ilustracións e cómic de Luis Alonso Villar. En castelán.

Auga Editora Rústica

17 x 22 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-939328-3-1

18 €



ALAIN FOURNIER O gran Meaulnes

Rodeado de misterio e posuidor dunha forte personalidade, o «Gran Meaulnes» —como o alcumarán os seus compañeiros— é o soño materializado da adolescencia de François. As aventuras comezan a sucederse sen demora. Traducido por Camiño Noia.

Morgante Rústica

17 x 21 cm 234 páxinas

ISBN: 978-84-15166-06-1

15,20 €

CARLOS L. MEDRANO SHEREZADE. NOVOS RELATOS DE PENSAMENTO CREATIVO

Conxunto de relatos que achegan unha proposta lúdica que convida a superar o desafío proposto en cada texto coa aplicación da lóxica. O volume inclúe un solucionario final e varias propostas para aplicar o inxeñeiro.

TresCres Rústica 19 x 17 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-92727-22-3

16,15 €

CHARO PORTELA YÁÑEZ VALENTÍN PAZ ANDRADE. BIOGRAFÍA E ANTOLOXÍA

Libro de divulgación que achegar a biografía e as obras da figura homenaxeada no Día das Letras desde 2012. Ilustracións de Jaime Asensi.

Xerais Rústica 13,50 x 19 cm 104 páxinas

ISBN: 978-84-9914-331-6

9 €

H.P. LOVECRAFT RELATOS DE TERROR

Volume que reúne oito contos: «A tumba», «Do máis alá», «Herbert West, reanimador», «O can», «A cerimonia», «El», «A besta da cova» e «O alquimista». Os textos amosan como este xenial autor norteamericano (1890-1937) foi o inventor dun novo xénero, o conto materialista de terror. Tradución de Anxo Romero.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-9914-334-7

11,50 €

ROBERT LOUIS STEVENSON A ILLA DO TESOURO

Un libro que non debería de faltar en ningún fogar e que chega agora en tradución de Xavier Alcalá. Relata as peripecias de Jim Hawkins, do capitán Smollet, de John Silver o Longo e do resto dos tripulantes da *Hispaniola*, que significaron para varias xeracións a cristalización dos soños de aventuras.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 312 páxinas

ISBN: 978-84-9914-333-0

13 €

HAI ALTERNATIVAS

XAVIER VENCE

CRISE E RADICALIZACIÓN NEOLIBERAL.

AS ALTERNATIVAS SILENCIADAS



Abano de reflexións sobre a actual crise do capitalismo neoliberal desde as súas orixes até o momento actual. Trátase de artigos destinados á intervención no debate público, escritos con estilo directo, compacto e con linguaxe clara para o público non especialista. Combinan o diagnóstico dos acontecementos e a crítica das medidas adoptadas polos diferentes niveis de goberno coa formulación de propostas alternativas.

Porque o autor é dos que pensa que si hai alternativa. Guiado por un certo optimismo histórico considera que a sociedade non poderá aturar a destrución de todas as conquistas civilizadoras e a completa submisión da vida privada e pública á extrema volatilidade dos mercados e acabará sentando unhas novas bases para o progreso social e a preservación da diversidade.

Laivento Rústica
17 × 21 cm 246 páxinas
ISBN: 978-84-8487-215-3
17,10 €



ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ (COORD.)

15M: O POBO INDIGNADO

Ollada calidoscópica do movemento 15-M dende a análise dun amplo grupo de persoas, procedentes de diversos campos científicos. Escríben Xosé Manuel Beiras, Francisco Sampedro, Justo Beramendi, Xavier Vence, Teresa Moure, Fermín Bouza, Manoel Santos, Manuel Casal Lodeiro, David Rodríguez Rodríguez, Raimundo Viejo Viñas, Carlos Tai-bo, Roi Ribeira Bezerra, Nanina Santos, Fernanda Couñago Otero, Lupe Ces, Lidia Senra, Xoán Hermida González, Xabier Macías, Dionísio Pereira, Cláudio López Garrido, Miguel Fernández Blanco, Xosé María Álvarez Cáccamo, Margarita Ledo, Diana Varela Puñal e Gustavo Pernas.

Laivento Rústica 17 × 21 cm 224 páxinas
ISBN: 978-84-8487-212-2
16,15 €




VV AA

MANIFESTO DE ECONOMISTAS ATERRADOS

O Manifesto é unha crítica ás falsas evidencias que se invocan para xustificar as políticas que imperan en Europa e esboza propostas para outra estratexia económica e social. Foi redactado por Philippe Askenazy, Thomas Coutrot, André Orléan e Henri Sterdyniak que, tras a crise das hipotecas de risco, comprobaron que nada mudara nas políticas económicas que provocaran a crise. Avogan por cortar o poder das finanzas e liberar aos gobernos da presión dos mercados.

2.0 Editora Rústica
13,5 × 21 cm 110 páxinas
ISBN: 978-84-938683-0-7
7,28 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 9 €



MARCOS S. PÉREZ
PENA

A PRAZA É NOSA. QUEN CONSTRÚE A DEMOCRACIA?

Xornalista e investigador en comunicación, Marcos S. Pérez achega unha manda de ensaios interpretativos sobre o movemento do 15-M como expresión de novas formas de participación cidadá e tamén sobre o seu impacto como forza para a democratización das institucións e a sociedade civil. Unha reivindicación radical do protagonismo político dos cidadáns fronte á partitocracia e o poder ilimitado dos mercados.

2.0 Editora Rústica
13,5 × 21 cm 360 páxinas
ISBN: 978-84-938683-3-8
16,79 €



AURORA MARCO

AS MULLERES NA GUERRILLA ANTIFRANQUISTA GALEGA

Páxinas que falan da represión posterior á vitoria dos sublevados en 1939, pola que centos de mulleres comprometidas coa guerrilla antifranquista foron asasinadas, encarceradas, torturadas, violadas, recluídas en campos de concentración, ou tiveron que partir cara ao exilio nunha viaxe, para algunhas, sen volta ou viviron un exilio interior. Aurora Marco homenaxea e escribe a crónica das silenciadas, que foron obxecto dunha dupla falta de memoria: por seren desafectas ao novo réxime e pola súa condición feminina.

Laivento Rústica
17 × 21 cm 530 páxinas
ISBN: 978-84-8487-211-5
25,65 €



2ª EDICIÓN

JOSÉ MANUEL BARBOSA

BANDEIRAS DA GALIZA

O investigador José Manuel Barbosa realiza un percurso histórico pola simbología galega desde os seus primórdios até á actualidade baseado en fontes históricas fidedignas. Por estas páxinas desfilan o Trísquel, o Lábaro, a Bandeira dos Reis Suevos, o Pendão do «Christianorum Regnum», os Pendões da Coroa Galego-Leonesa e aínda outros símbolos até chegar á actual Bandeira da Galiza. Para além de fotografar este percurso, o autor ofrece propostas para o futuro.

Através Capa mole
14 × 21 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-87305-53-5
17,10 €



JESÚS DE JUANA LÓPEZ E
JULIO PRADA RODRÍGUEZ
(DIR.)

AS MULLERES EN GALICIA NO SÉCULO XX

Páxinas que analizan o papel da muller e a súa participación nos ámbitos público e privado, individual e social. Apuntan na necesidade de abandonar «eses esquemas que ofrecen unha visión sesgada da realidade, contribuíndo á realización dunha historia máis complexa e real, que buscaría unha meirande integración entre as súas partes: entre o masculino e o feminino, entre o privado e o público ou o social e o político».

Ir Indo Rústica
15 × 23 cm 264 páxinas
ISBN: 978-84-7680-684-5
22,80 €



EMILIO GRANDÍO (ED.)

VIXIADOS. REPRESIÓN, INVESTIGACIÓN E VIXILANCIA NA GALIZA DA GUERRA CIVIL (1936-1939)

O propósito que anima este traballo é tentar explicar as orixes do franquismo e responder preguntas como: por que?, como? ou de que xeito? O autor sostén que entre o golpe militar do 20 de xullo e 1939, «neste tempo de conflito bélico, Galiza converteuse nun laboratorio para facer medrar un novo modelo político».

Laivento Rústica
14 × 21 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-8487-210-8
18,05 €



2ª EDICIÓN

CARLOS GARRIDO E
CARLES RIERA

MANUAL DE GALEGO CIENTÍFICO

